

# 1. *Messagesquise*

Hai días na vida dunha persoa que o cambian todo; días nos que os nosos camiños viran cara a rumbos que nos fan intuír que os que agora pisamos nunca máis serán percorridos nin visitados... Para N ese día era hoxe; unha pesada xornada de maio, dunha calor húmida e abafante, sinalada a primeira hora da mañá en vermello no calendario por ser esa a cor dos seus ollos ao se erguer, produto da chegada dunha nova alerxia estacional; aquela que tan ben coñecía e sufría desde había anos, unida a outras alerxias non necesariamente fisiolóxicas... Quizais cando N regrese esta noite ao leito os seus ollos volverán estar vermellos, mais non só das alerxias...

No seu espertar, N amenceu inquedo, excitado por algo no seu interior que lle repetía unha e outra vez que hoxe era o día; o día no que sabería o seu futuro próximo... poucas persoas poden sabelo así, con meses de antelación, e poucos tamén son os que poden prepararse desde tan cedo, sufríndoo desde tanto tempo antes...

Cando N abandonou aquel leito, no que recobrou a paz un día violentamente roubada entre choros, Sofía aínda seguía durmida, queda, allea ás correntes que naquel intre percorrían o corpo da súa parella, facéndoo mesmo tremer de inquedanza, de necesidade de saber canto antes, de non permanecer nun estado de indefinición e incerteza como aquel.

N, como o agrimensor K, estaba á espera de que o seu particular destino se manifestase, no sentido que fose, pero de que o fixese o antes posible para romper co desacougo que lle producía non saber o mañá, non poder tender pontes cara a outros días... No caso do mestre N non había ningún castelo que controlase os seus movementos, pero poucos metros máis enriba do seu fogar si existía un lugar desde o que xurdían as sinistras mans que manexaban e torcían os fíos da súa vida, sen que el puidese enderezalos. Aquel xigante que xogaba coa existencia das súas marionetas, e coa de N como unha delas, era o Departamento de Educación, e, como cada ano, estaba a piques de mover fío, de zarandear unha extensa arañeira pedagóxica espallada por todo o país.

Despois de preparar un lixeiro almorzo, pois non tiña o estómagο para moitos traballos, achegouse de novo á horizontal posición na que ela aínda xacía; mergullada no mundo do acolledor descanso que posibilita o espazo no que un se encontra a si mesmo através do outro.

—¿Marchas xa? —preguntou Sofía, virando o seu rostro cara a N e acordando lixeiramente ao notar certo desacougo na actitude inqueda e insegura del.

—Si; son as oito e media, e xa sabes que case me leva vinte minutos chegar ata aló abaixo; e ademais hoxe quero botar unha ollada ás listaxes, non sexa que aparezan as definitivas, que teñen que estar ao caer.

—Pero non te preocupes tanto, home, xa sabes que iso tarde ou cedo ten que ser; daranche un cole moi preto, xa verás, ti sempre fuches un bo estudante e un bo mestre, e tes unha chea de méritos.

—Oxalá fora todo tan doado, pero os méritos hoxe en día mércaos calquera; ata o mestre que máis odie os cativos, só con facer unhas cantas horas de floreiro nalgunha conferencia pagada, pode sumar máis méritos que unha persoa que dedique horas á

investigación máis seria, á innovación educativa máis relevante... E ademais xa sabes que o que dá puntos de verdade son os anos de experiencia, e eu teño moi poucos... só os anos dan puntos...

—¡E quitan vida! —replicou Sofía cun ton severo, pouco convencida da conveniencia, en ningún senso, do paso do tempo; un paso que lle magoaba o espírito como poucas cousas na vida.

—Muller, iso si; xa o dou por descontado. O tema é que os anos tamén, ao tempo que nos quitan, nos dean algo, ¿non?

—Pois menos mal, porque senón xa sería... Oe, achégate un pouco aquí; ¿que tes nos ollos? —inquiriu ela preocupada.

—¿Ti que cres?, pois o de sempre; a fodida alerxia que volve, como cantaba Mahler, cada primavera... —contestoulle N, cantaruxando o final de *Das Lied von der Erde* coa súa voz de barítono afeccionado—. “*Die liebe Erde allüberall blüht auf im Lenz und grünt aufs neu*” ...

—¡Meu pobre!, outra vez o de todos os anos... Veña, non te preocupes, xa sabes que non é nada, ¿queres que che bote as gotas? —preguntou ela, erguendo o seu espido torso lixeiramente cuberto por unha saba branca.

—Non, deixa, a ver se me pasa un pouco ao saír fóra sen necesidade de lle botar química aos ollos... e tápate, que un ten obrigas laborais e a verdade é que poucas ganas levo xa como para que me ofrezas esas tentacións tan apetecibles —dixo N, ao tempo que pasaba a súa man por aquelas sinuosas rexións do corpo de Sofía que tan ben coñecía.

—¡Ah!, pero que parvo es. Anda, marcha que non vas chegar a tempo. Veña, un biquiño e ata a tarde; e se tes novas de algo diso, pois chamas, ¿vale?

—Non te preocupes, que xa cho direi en canto o saiba; agora mesmo penso que non querería saber outra cousa no mundo máis que esa... Veña, voume...

N deixou caer un bico sobre os beizos de Sofía, lixeiro, para non se prender nel, e saíu do dormitorio buscando o seu maletín e as súas lentes de sol; polo menos non dar a impresión de ir chorando pola rúa, que de seguro máis dunha das persoas coas que hoxe se cruzaría tería motivos abondo, ou posiblemente de máis xustificación que os seus; aínda que xa sabemos que iso dos motivos da dor é algo profundamente persoal e alleo a escalas obxectivas que os poidan definir.

O camiño cara ao colexio era ben coñecido por N, que mesmo podería facelo cos ollos pechados, percorrendo as pegadas cinceladas na rúa día tras día, ano tras ano; un camiño que o levaba primeiro polo polígono no que agora vivían, sempre con certa sensación de provisionalidade, de estar de paso, que no fondo iso é a propia vida, e despois pola zona vella da cidade; zona da que el mesmo se consideraba fillo, e na que habitara había non moitos anos, cando a súa casa era a dos seus pais e el mesmo só un proxecto xerminal non emancipado do que había ir acadando co paso do tempo.

Aquela mañá, N miraba cara ao chan máis que de costume; pouco lle interesaba o que o arrodeaba e que xeralmente revisaba unha e outra vez, tentando de arrincarlle os segredos que nunca se facían de todo visibles naquela cidade de misterios. De camiño ao traballo, foi sendo invadido polo medo e pola incerteza, polo temor a que aquela fora a derradeira viaxe por un mundo coñecido, o final da orde que tanto amaba e na que podía sentir certo alento de paz, de equilibrio para vivir. Este penar, este sentir unha espada pendurando enriba del, exteriorizábase mesmo fisicamente na súa decaída figura ao andar. Aínda que o mañá inmediato era ben coñecido por N, o feito de poder situar xa o futuro máis próximo faría os días vindeiros case inhabitables, como se dun momento de tránsito se tratase; marcado por un fondísimo desexo de acelerar o reloxo para pasar aquel intuído sufrimento da partida, da ruptura con todo un mundo coñecido, co berce no que adormecía os seus días... «Canto antes mellor», pensaba el; por máis

que aínda quedasen moitas xornadas cargadas daquilo que anhelara tanto tempo e que gozaba agora como presente no camiño da súa vida; calidamente iluminada por tantas luces... aqueles soles que estaba a deixar de ver pola presenza no seu particular ceo dunhas escasas nubes...

N avanzaba, deste xeito, inmerso nese súbito temor, nun medo en certo modo fundado, pois tanto podería ocorrer daquela volta como non; o cal non facía senón aumentar o seu desacougo. Ao chegar ao comezo da zona vella da cidade, en cuxos lindes opostos estaba situada a escola na que impartía clases, comezou a virar o seu pensamento cara a aquela urbe, cara á cidade e mais el; como tentando facer unha síntese das súas relacións coa mesma. Sempre pensara que el resultara ser quen era agora en certo modo por ter vivido alí, por ter pisado aquelas rúas graníticas, por terse mollado con aquela choiva de séculos, por escoitar aquelas badaladas intemporais, por tratar con aquelas xentes chegadas de tan diversas orixes... N non imaxinaba outro N noutras latitudes, non era quen de proxectarse a si mesmo como persoa formada noutros lugares, se acaso enxendrado, mais non convertido no que agora cría ser; e en certo modo estaba seguro de que o seu comportamento noutras realidades dependería totalmente do mamado naqueles anos na amada rosa de pedra da que agora intuía chegaba o momento de se despedir, polo menos temporalmente.

Ao pisar as primeiras lousas, volveu ollar por riba da súa testa e reabriu os ollos ao que o arrodeaba, sentíndoo como propio unha vez máis, á vez como herdeiro de todo aquel tramado histórico e como o seu produto. O ar da mañá, cada vez menos puro naquela rexión, limpara xa o seu organismo e os seus ollos, que recobraran agora a súa branca cor, de forma que N puido retirar as lentes escuras que o protexían da sociedade e mirarse a el mesmo naqueles edificios, naquelas fachadas, naqueles chans, naquelas xentes... En todas elas identificaba algúns dos trazos que o conformaban, algunhas das pedras das que el mesmo estaba feito;

arquitecturas que, mirando ao ceo, á vez estaban ben asentadas e conectadas co chan; como unha árbore... si, tamén puido ser unha árbore, de raíces profundamente suxeitas á terra e de polas que se alzan á procura do infindo, movidas por múltiples ventos, con follas de cores cambiantes segundo as distintas estacións. Aquelas vellas casas e aquelas árbores, aqueles castiñeiros, aqueles carballos, ben puideron ser el mesmo, de nacer pedra ou vexetal.

Acompañado de somnolentos rostros matinais, N foi atravesando rúas, prazas e finalmente a gran praza na que confluían todos os camiños da cidade, e quizais todos os camiños de Europa; tamén entrelazados nunha arañeira para chegar ata aquel xusto lugar, quen sabe por que, quen sabe desde cando e, sobre todo, quen sabe para que... Sen deter o paso, e virando a súa testa á esquerda, alzou a ollada cara ás dúas torres que coroaban a mole catedralicia, aquela masa ascensional coa que tantas horas se tentara fundir anímicamente en silencio naquel lugar, e na cal xa había tempo non era quen de se transubstanciar espiritualmente, unha vez comprendida a enorme fenda que os separaba; aínda que, en certo modo, todo aquilo, e el mesmo, eran descendentes seus. N, como un fillo en idade difícil, renunciaba de aquela a súa outra nai, tanto por distancias estéticas como por motivos de fondo; de razón profunda de ser. Naquel momento, e a pesar do inmenso agarimo que o unía a aquelas pedras, N estaría máis próximo ás liñas puras do Centro de Arte Contemporánea que daquel navío ansioso da posta de Sol e da evanxelización dos pensantes aló por onde o astro desaparecía. Asemade, había xa anos que aquelas lousas e aqueles camiños non cheiraban a esforzo nin a espiritualidade, e si moito a negocio e comercio; feira promovida polos veciños de enfronte, onde se decidía o desenvolvemento de todo un país a golpe de medidas populistas de dubidoso calado estrutural nunha sociedade sempre á deriva, sempre en eterno e lento suicidio...

Abandonar, paseniñamente, aquela praza, era como volver de novo a unha dimensión humana... máis humana... ou polo

menos da súa medida. Baixaba agora pola rúa das Hortas, unha rúa de casas baixas, de arquitecturas de pedra, de paredes cheas de historias e de historia chea de paredes... Afortunadamente, o percorrido secular daquela cidade estaba máis construído de pedra e palabra que de sangue, que vén ser a materia prima na que se cimentan a maioría das vilas e Estados deste mundo; posiblemente ata aquela mesma basílica que N contemplaba, só que as súas espadas foran empuñadas a longa distancia daqueles patios de estudantes, daquelas prazas de saudades. A pendente mantida daquela costa fixo que N acelerase o seu paso, achegándose á figura dun corredor de marcha, dando bandazos co seu maletín a un lado e ao outro. Unha vez máis, volveu soñar con aquelas casas, a medida dunha quimera nunca acadada, a de vivir no corazón da rosa pétreo, e máis exactamente alí onde un podía abrazar a cidade desde as súas fiestras ou esquecela pola porta de atrás nas súas hortas... A relación cunha nai tan dominante como aquela non era sempre doada para os seus fillos. N soñaba con reproducir o seu paraíso imaxinado intramuros daquelas casiñas, ao carón dela, lonxe da zona nova na que agora vivían e na cal habitaban o ventre mesmo da caverna; unha caverna na que cada vez máis vían a súa sombra e menos a figura que a proxectaba, como ben nos desvelara aquel sabio portugués.

O tráfico devolveuno á realidade en forma de semáforo, no linde da zona vella. Aló escomezou a ver algúns dos rostros familiares cos que pasaría o día; cativos e cativas que se dirixían, coma el, cara ao colexio, algúns con cara de ledicia e outros levados polas súas nais case a rastro. Mentres os condutores matinais, aos que lle semellaba importar menos a conciencia ecolóxica que a el, remataban de cruzar en todas direccións, exprimindo os seus motores, achegóuselle Uxío, un compañeiro de traballo que sempre estaba ao día de todo o relacionado cos camiños, tamén inescrutables, do Departamento de Educación. Uxío e mais el adoitaban coincidir mañá si, mañá non, no seu percorrido cara á escola, por seren veciños do mesmo barrio; un camiñar no que os temas educativos acostumaban ser o fío condutor dos seus discursos e

nos cales tiñan unha proximidade bastante notable, algo de agradecer nun centro urbano de ensino, no que a media de idade facía que os ideais pedagóxicos chocasen coas rutinas anquilosadas desde había decenios. Aquela mañá, a impaciencia de N fixérao partir un bo anaco antes do habitual; tempo este que perdeu despois cavilando polo camiño en tantas teimas como levaba no maxín... se é que o tempo se pode perder... ou gañar...

—¿Que, preparado xa para o que caia? —preguntoulle Uxío, poñéndose ao seu carón, cunha ollada de complicidade cargada da profunda empatía daqueles que teñen pasado por circunstancias semellantes e que, polo tanto, teñen certo dereito a se pór no lugar do outro.

—Home, será o que teña que ser, ¿non? —dixo N, tentando amosar certo distanciamento e indiferenza por aquilo que o estaba roendo por dentro—. Ademais, xa sabes que para isto non hai que lle facer, eles dispoñen e a nós só nos queda coller o que nos botan e calar; mellor dito, marchar...

—¡Veña oh!, ti espera; que o mesmo non tes que marchar lonxe, con tal de non ter que te desprazar a vivir noutro lugar tes bastante, que xa todos pasamos por esa noutrora. Agora xa non sabedes o que eran os destinos de antes; se che contase algunha das mestras do colexio habías estar contento co que che caese... e ademais na túa especialidade colocádesvos aínda moi ben, ¿non? Eu coido que, como moito, te vas fartar de coche, pero facer as maletas, mesmo non.

—Pois oxalá, oxalá; pero a verdade témome o peor.

—Iso pasounos a todos cando esperabamos a primeira definitiva; medo a acabar perdido nas montañas. Pero xa che digo que son outros estes tempos —díxolle sorrindo e cun aceno tranquilizador.

—Desde logo que son outros, para o bo e para o malo... tempos estraños...

Arrodeados de nenos que os saudaban agarimosamente, fóronse achegando ao colexio, situado nun parque á beira dun exíguo río, se é que así lle podemos chamar a aquel regato de escaso caudal e tonalidades desacougantes; nunha zona á cal N se trasladaría gustoso agora mesmo, se o soldo llo permitise e se os titiriteiros do castelo non estivesen a piques de lle sinalar outro camiño ben distinto ao dos soños...

Xa polo medio do patio, foron avanzando ao tempo que N notou de novo un forte picor nos ollos por mor das moitas árbores e plantas que na escola e en toda a zona comezaban a espallar vida polo ar. Mesmo chegou esbirrar con grande estrondo, chamando a atención da bedel, que lle fixo un aceno de comprensión maternal, pois era xa a segunda primavera que contemplaba a súa alerxia máis evidente. Ao entrar no edificio principal, N foi directo ao baño a lavar a cara, os ollos, e a introducir o inhalador polo nariz para reducir aqueles efectos tan molestos que o farían aparecer cun aspecto un tanto demacrado para o auditorio que o esperaría na súa aula; sempre tan perspicaz ante calquera novidade na aparencia do seu mentor.

Sen se deter na sala de mestres, pois non estaba de ánimo para pór boas caras, subiu directo á súa clase: a titoría dos alumnos de sexto curso; aquela aula que ninguén quixera rexentando cando chegara había un ano, e que agora era un reflexo case simétrico do seu ideal educativo. Alí aínda tería tempo de se recuperar daquel ataque, daquela vinganza do mundo vexetal perpetrado directamente a través das súas fosas nasais, precisamente a el, unha das persoas que máis activamente loitaba naquel contorno por defender toda aquela amada natureza, por moitos picores que lle causase... E é que a natureza, en todo caso, só sabe de física e química, e non de moral nin de xustiza...

Ás nove en punto da mañá, N escoitou o timbre que convocaba a todo o centro a unha nova xornada lectiva, a pasar unhas horas de intercambio de mensaxes, xa foran puro teatro, gardería, cárcere ou algunha tentativa de educación real, que eran as máis

escasas e as que facían que todo aquilo pagara a pena, polo menos para os afortunados cativos que ían parar ás mans dalgún daqueles mestres que procuraban facer deles unha persoa pensante e non un amaestrado papagaio mecánico. N pertencía ao corpo de docentes por vocación, por ideoloxía e por experiencia; xa que se ben primeiro tivera que pasar polo castrante e torturador adoutramento dun colexio de curas, despois experimentara a sorte de se formar nun instituto no que un grupo de soñadores iluminados tentaban facer da educación unha aventura realmente significativa, onde adolescentes e profesores compartían a paixón de ser amigos e compañeiros na aventura de coñecer o mundo; xa fose a través dos seus símbolos ou percorréndoo cos seus propios pés. Sen dúbida, aqueles anos supuxeran a forxa na que se formara a vocación de N e a súa visión do que era un ensino realmente verdadeiro e valioso; a facultade vivida da que implicitamente, e con aqueles modelos, tirou boa parte das aprendizaxes e das experiencias que agora o guiaban no seu quefacer desde o outro lado, se é que na educación hai lados ou bandos, imaxe esta que lembra máis as guerras que o ensino; se ben para algúns estas dúas realidades teñen moito en común, como abofé se podía escoitar naqueles corredores escolares a cada pouco.

Aquela mañá, porén, o idealismo pedagóxico de N estaba duramente a proba por mor do comedelo que lle roía o maxín e o estómago; por aquela espada que pendía enriba da súa testa, marcando traxectorias cada vez máis preto de lle fender o cranio. Aínda que ás veces era labor sobrehumano, sempre soubera pór un sorriso cómplice e unha resposta axeitada a unha nova pregunta dos seus alumnos; mesmo cando as circunstancias llo facían difícil. N coidaba que o momento no que non puidese facer isto sería o de repensar as cousas e, quizais, o de tomar outro rumbo no que inocentes como aqueles non pagasen os problemas dos que as máis das veces non tiñan culpa ningunha.

Neste día tiña, ademais, tarefa apaixonante pero laboriosa cos seus alumnos: preparar o caderno de viaxe que creaba cada

un deles para a próxima saída que farían á montaña, ben lonxe das súas casas, no que para moitos sería unha especie de bautismo de adolescencia, de rito iniciático; rompendo por unha semana os lazos que aínda os ataban á casa pouco menos que como cando aínda eran incapaces de andar. As clases previas á viaxe desenvolvíanse nunha sorte de rebumbio no que todos camiñaban en direccións diversas, xa fose cara aos ordenadores, baixando á biblioteca, carrexando revistas ou acudindo á fotocopiadora. N tiña por costume propoñer aos 'seus' alumnos cuestións sobre aqueles lugares que ían visitar, e eran os cativos os que, organizados en grupos, tiñan que buscar a información, orientados polo mestre, para despois compartila, interpretala e integrala co resto dos compañeiros da clase. Todo aquel caudal de coñecemento sería máis tarde redactado nos seus cadernos, abundantemente ilustrados con fotografías, mapas, esquemas e demais complementos que facían das bitácoras de cada cativo unha guía case perfecta para acudir ao destino que entre todos elixiran por votación; lixeiramente conducida, claro está, que se non vai ti saber que destinos poden xurdir das mentes soñadoras duns nenos naquel o seu segundo parto; desta volta do protector niño familiar no que se refuxiaran desde o seu primeiro nacemento.

As horas da mañá foron pasando nun trafego incesante de alumnos que percorrían as diferentes estancias do colexio buscando libar algún néctar formativo co que contribuír á construción das celas de coñecemento que se ían artellando naquela colmea do derradeiro curso de Primaria; algo que puña certamente nerviosas ás laureadas mestras do colexio, afeitadas a reter os seus escuadróns en perfectas ringleiras de a un nas súas aulas. Ao dar as once e media, baixaron todos como posuídos cara ao patio, mestres incluídos, nun caos que era boa mostra da diversidade dos seus destinos por todo o centro. Baixaba N polas escaleiras co corazón nun puño, cando viu subir a Uxío con cara de circunstancias, que sempre son distintas e que esta vez non eran boas.

—¿Xa saíu? —preguntou N, sabedor de que aquela faciana non traía boas novas.

—Pois si, home, pero ti non te preocupes. ¿Gústache o mar, non? —contestou Uxío, tentando de pospoñer se acaso un pouco máis a inevitable resposta, ou quizais procurando que N imaxinase algo aínda peor para se afacer ao que lle caera desde as oficinas que bordearan había só unhas horas.

—Pois gustar gústame, pero depende do lonxe que estean esas augas.

—Pois mira, por D —dixo finalmente, soltando algo que xa estaba empezando a incomodalo dentro, pois a pesar de non ser o seu camiño, Uxío sempre sentía como propios parte dos sentimentos de todos aqueles mestres provisionais que pasaban pola escola; talvez lembrando outros días, por outra banda non moi distantes no seu tempo.

—¡¡Non fodas!! —contestoulle N con cara de profunda decepción, tentando de encaixar o máis dignamente posible aquel golpe dirixido ao máis profundo da súa estabilidade vital— ¿Estás de coña ou é en serio?

—Home, non che vou coñear con estas cousas, pero vaia, xa che dixen que estes destinos vosos de agora son pan comido comparado cos de antes, aínda que certo é que este teu non é do mello-riño, máis que nada porque non che vai quedar máis remedio que facer as maletas; a esa distancia e con esa estrada do demo é imposible viaxar todos os días... Pero ti pensa no verán, home; ademais se vai a túa moza contigo xa verás como o pasades ben alí, que tes natureza por todos os lados e, qué diantres, dous anos pasan deseguido...

—Si, home; iso si. Hai dous anos que estou aquí e paréceme que chegase onte; o tempo pasa máis rápido do que nós cremos —respostoulle N, escomezando a facer lecturas positivas para se convencer do que o seu estómago se negaba a aceptar—. Pois

nada, baixo aos ordenadores a ver os detalles da lotería antes de tirar o boleto.

—Ti baixa, pero de todos os xeitos o demais é o de menos, o principal xa o sabes; se acaso fíxate ben nas puntuacións que teñen os que están por riba e por debaixo de ti nas listaxes, para saber como pode ir o próximo concurso. Aínda que queden dous anos, esas cousas é ben sabelas —apuntou Uxío, sempre precavido dos detalles dos concursos de traslados, aquela precaución que N non tivera en ningún momento, e do cal xa se ía laiando case alleo ás verbas que o seu compañeiro lle dirixía desde uns chanzos máis enriba.

N precipitouse polas escaleiras por primeira vez coa súa cabeza seccionada en dous, cunha metade enriba dos seus ombreiros e coa outra en D; tentando construír pontes que as unisen cara ao mañá, e comezando a naufragar desesperanzado no presente... Ao chegar á Secretaría, ocupou aquel escritorio no que os seus dedos o conectaban acotío co mundo, tecleou o enlace tantas veces percorrido á procura de respostas... www... ...e alí bateu contra o que xa sabía por boca de Uxío, contra aquel topónimo trazado con rotunda claridade e asociado, puntuación mediante, ao seu nome... ¡D! Realmente N non sabía que facer, que pensar, cara a onde camiñar; unha desacougadora sensación de medo e impotencia apoderouse del deixándoo inmóbil... Permaneceu así uns segundos ata que Sofía chamou con forza no seu corazón... Sofía... Sofía... Sofía... Pensaba en Sofía xa non tanto como nunha certeza, senón como nunha posibilidade, como na persoa que podería, ou non, acompañalo naquel desprazamento a outras latitudes, coñecidas pero distantes e agora amenazadoras... Decontado, colleu o teléfono e envioulle unha mensaxe, a mensaxe que levaba meses imaxinando e sufrindo por anticipado... Cando o móbil confirmou a emisión daquel SMS sentiu como se un xuíz acabase de deixar o caso visto para sentenza, como se naquelas ondas fora a súa última alegación... ¿a súa primeira petición de clemencia?... Boa parte do seu futuro dependía

agora do que Sofía matínase ao respecto do que na mensaxe puña e das perspectivas que abría... ou pechaba...

Mentres N accedía e repasaba unha e outra vez a páxina no Departamento de Educación, como tentando por un momento descubrir algún erro salvador, como esperando o milagre dunha confusión naqueles fríos cerebros cibernéticos; soou o sinal de mensaxe no seu teléfono, e a faciana de Sofía, ladeada e sorrinte sobre un fondo negro, apareceu na pantalla coa lenda de '*mensaxe recibida*' enriba daquel rostro eternamente detido no tempo. Coa respiración contida, N oprimiu a tecla verde e comezou a ler a mensaxe que lle acaba de chegar; unha mensaxe de apoio na que ela lle dicía que non se preocupase, que xa vería como todo habería ir ben e que á noite xa falarían do tema, á vez que lle preguntaba que tal estaba da alerxia; se ben realmente N esquecera todas as súas alerxias: as físicas e as da alma... e é que hai golpes que nos fan espertar de todos os males...

Sen apenas percatarse, N pasara todo o tempo que durara o recreo alí estantío sen ser molestado por ninguén, quizais pola concentración que amosaba a quen puidese botar unha ollada á sala na que el reordenaba torpemente o seu mundo. Espertado polo timbre que sinalaba o retorno ás aulas, N subiu ao último andar, onde atopou de novo os seus alumnos, dos que comezaba agora mesmo unha despedida que para todos había ser amarga, e que, semanas despois, remataría en bágoas; bágoas de alumnos que marchan indefensos sen a man que os protexera e os guiara día a día, e bágoas de mestre expulsado do seu pequeno paraíso, talvez para non retornar xamais.

Case alleo ás tarefas que estaban desenvolvendo os seus aprendices pasou N o resto da mañá, ata que de novo o timbre cronometrou os momentos das súas vidas, nesta ocasión para devolvelos aos seus fogares, ou polo menos no caso de N así aínda o podía chamar entón. Recolleu con présa toda a clase e fuxiu correndo escaleiras abaixo e patio arriba, de novo coas lentes de sol postas, saudando as nais que se congregaban na cancela do recinto

escolar á espera de recoller aqueles anacos delas mesmas que eran os alumnos de N. Con paso lixeiro, deixou atrás a zona de influencia do colexio, as rúas nas que habitaban a maior parte dos nenos da escola e as súas familias, zona esta que lindaba xusto coas faldras da mole catedralicia, que como unha montaña se erguía por riba daquel verdor no que o colexio atopara descanso tras dar moitas voltas pola mente dun arquitecto italiano que, certamente, non atopara naquela construción a integración de deseño e espazos formativos que se supón unha escola debe representar.

Como había uns intres nas aulas, N encetaba a ollar as cousas con outra mirada, a desexar conxelalas no tempo e a el mesmo con elas; suspender toda aquela vida, toda aquela orde, todo aquel tempo nun presente infindo, invulnerable a movementos de fíos exteriores, nin a dores internas... N comezaba rebelarse contra a realidade, sen mover un dedo en contra dela, pero estoupando no seu interior ata sangrar polas entrañas. Aquela mesma basílica, que á mañá semellara alguén cun aire un tanto alleo, aparecía agora como unha nai acolledora de novo, como un leito no que recostar cando as dúbidas apremian... ¿Como sería a vida sen aquel regazo pétreo no que se recoñecer?... ¿Habería en todos os lugares unha segunda nai feita da esencia de miles de pasados?... ¿Podería el ser adoptado por outros seos alleos aos que o fixeran medrar?... Aquela fachada barroca de xenerosas curvas graníticas miraba a poñente fachendosa do seu porte, chea de luces e sombras que lle daban un aspecto terriblemente complexo e profundo, sen sinxelezas, amosando unha faciana nova segundo cada raiola se pousara nela. Certo era que N gozaba máis da súa presenza no outono, cando aquela luz amortuxada e dourada do solpor a convertía nun tesouro fulxente e efémero; fermoso como todo aquilo que se sabe pasaxeiro, como toda a súa cidade o era para el desde había ben pouco...

Paseniño, nun penar profundamente desacougado, foi desfazendo o camiño andado aquela mañá, un traxecto con sabor a despedida; a pesar de que eran aínda moitas as ocasións que lle que-

daban de percorrelo ata o definitivo adeus uns meses máis tarde. Antes de subir ao seu barrio, pensou que sería bo pasar pola casa dos seus pais, nos lindes da zona vella, a lles contar as novas; que xa levaban unhas semanas preocupados á espera de saber a onde mandarían o seu rapaz; conscientes, por tradición familiar, dos movementos de peza que son as vidas dos mestres no taboleiro cuadrículado dos mapas educativos.

Ao pouco de entrar na casa na que se fixera persoa, a súa nai saíulle ao encontro, preguntándolle, con preocupación e incerteza, se sabía xa algo sobre a resolución definitiva do concurso de traslados.

—D —dixo N circunspecto.

—¡D!, ¿pero D... D? —preguntou a súa nai como esperando confundir o inconfundible.

—Si, claro, a única que hai; ou polo menos a única onde debe haber un colexio.

—Vaia, home, pero iso está un pouco lonxe; terás que marchar para aló, ¿porque non vas coller o coche todos os días, non?

—Non, muller, non, ¿como vou facer iso?; acabaría desfeito e tolo —contestoulle N, cada vez máis ansioso e desanimado ao irse percatando de que todo era real, de que aquilo non era unha broma pasaxeira nin un mal pesadelo.

—¿Pero Sofía irá contigo, non?; non che vai deixar ir para aló a ti soño —inquiriu ela con certa inquedanza e medo de que o seu fillo tivese que afrontar aquela partida e aquela nova vida en solitario.

—Pois non cho sei, supoño que si; xa falamos algunha vez que se había que marchar iríamos xuntos, pero aínda non o sei seguro, só hai unhas horas que tiven coñecemento disto e aínda non houbo tempo de facer plans; saber sábeo, que xa lle dei as malas novas, pero desde a mañá aínda non estiven con ela.

—Veña, home, ti non te preocupes; se ides xuntos tampouco che vai parecer tan malo aquilo, e ademais tes que pasar alí dous anos nada máis, ¿non si?

—Si, mínimo dous anos; e mesmo se nos gusta, pois aínda máis —respondeulle tentado de se dar ánimos e adoptando unha mirada máis positiva sobre o tema.

—Pois nada, o mesmo ata tes razón... ¿Quedas a xantar con nós?

—Non, subo, que quero descansar e falar con ela disto... xa vos avisarei se sei algo novo; nada máis que vin para que souberras xa todo e non estiveses con tantas incertezas.

—Home... ás veces vén sendo mellor a dúbida que o saber...

—Pois non sei.... —dixo N, sorrindo polo xogo de palabras artellado sobre as verbas sempre sabias da súa nai—. Veña, marchó, xa llo contas ti a papá, ¿vale?; ata logo —e saíu pola porta precipitadamente, batendo cun par de mulleres que pasaban á altura do portal da súa casa cunhas bolsas da veciña praza de abastos.

Recobrando algo de optimismo despois de falar coa súa nai, N puxo pés cara ao seu apartamento, ao que chegou nuns quince minutos de pensamentos mesturados; uns xa os coñecemos, outros deixámoslos para a súa intimidade...

Como de costume, e aínda que levaba as súas chaves, premeu o timbre para anunciar a súa chegada, despois do cal subiu no ascensor os dous pisos que o separaban do único lugar do mundo no que quería perpetuarse agora mesmo. Entrou na casa e percatouse dun silencio estraño á súa chegada, dunha ausencia total de vida, dun baleiro do cotián. N alarmouse e chamou por Sofía, que non contestaba. Algo asustado, percorreu os cuartos sen atopala ata que na cociña deu cunha nota escrita por ela na que lle dicía que baixara a falar con Lucía, unha compañeira da facultade que estaba na cidade, de paso, e que a chamara aquela

mañá para ver que tal estaba. N comezou a sentir unha forte excitación e desacougo ao ver como Lucía se introducía xusto neste intre na súa vida, pois aínda había pouco que ela lle ofrecera a Sofía un traballo como asesora pedagóxica na empresa para a que traballaba, nunha cidade a unhas cantas horas de distancia de alí, e agora a unhas cantas máis de D; traballo na teleformación que ela rexeitara por se atopar moi cómoda na rosa de pedra, onde desde logo non tiña un traballo tan ben remunerado e interesante, pero onde atopara certo grao de harmonía na súa vida xunto a N. Agora era el o que estaba a perder os centros tonais daquela harmonía, o equilibrio que conseguira construír entre todos os elementos que acompañaban e sustentaban a súa vida, e dos cales Sofía era unha peza mestra, un piar sen o cal todo un mundo podería virse abaixo sobre a súa persoa.

Con grande inqueda e pesadume, N púxose a traballar na cociña coa intención de preparar algo rápido que xantar ao regreso dela, mentres escoitaba de fondo a *Quinta Suite para violonchelo* de Johann Sebastian Bach; aquela música escura que tan ben reflectía os nubarrs que agora mesmo invadían o seu corazón e as súas neuronas, todos eles coa faciana transmutada de Lucía, como nunha grotesca pintura negra de Goya, sobrevoando o seu ceo, cada vez menos azul e de máis distantes horizontes...

Cando xa tiña todo preparado enriba da mesa e levaba un bo anaco sentado, escoitando agora a *Sarabande* da *Sexta Suite*, senti a pechadura xirando por man de Sofía; son que o fixo acudir a unha porta que el mesmo rematou de abrir coas chaves da súa moza aínda prendidas no interior e arrancadas da súa man pola ansia impaciente de N, que xa estaba abrazado a ela, como un neno que despois de horas de soidade atopa un regazo acolledor e familiar... como o neno que aínda era N cando o collía Sofía...

—¡Ei!, ¿que che pasa?, ¿que tes? —preguntoulle Sofía ao notar nel unha estraña excitación chea de tristeza, angustia e decaemento.

—¿Que me vai pasar?, xa o sabes, que todo rematou... Mira, mira todo isto —díxolle sinalando o salón no que construíran o seu lugar no mundo—. Está aquí pero empeza a desaparecer, é como se xa non estivese completo, como se parte disto empezase a perder a súa forma, a súa cor, o seu sentido... a se esfumar no tempo...

—Pero, home, non te preocupes, xa sabías que isto tiña que ser, iso xa o sabiamos desde había tempo; fomos moito tempo felices aquí e agora teremos que tentalo ser noutros lugares.

—¿Como “noutros lugares”? —preguntoulle N sorprendido pola formulación en plural da palabra ‘lugar’, á vez que se apartaba lixeiramente dela para lle ver a cara, aquel espello sempre infalible en Sofía

—Pois si, onde teñamos que marchar, pero xa volveremos algún día.

—Ah, ¡que susto me deches!, pensei que ías marchar ti para un lado e eu para outro, para D —contestou N con certo alivio, retomando de novo o abrazo de Sofía.

—Diso xa falaremos, que aínda hai tempo, e ao mellor aínda cambian o teu, ¿non?

—¿Como?... ¿Falar... cambiar? —replicoulle N de novo moi excitado—. Cambiar non hai cambio ningún, non te lembrás do mes no que estamos; estas son as listaxes definitivas, xa non hai marcha atrás, vai ser D e punto, contra iso xa non hai nada que facer máis que unha onda se leve D do mapa... E falar, non sei, ti dirás, porque eu non che podó obrigar a vires comigo, iso está claro...

—Xa sabes que se queres eu vou contigo, sobre todo se pensas que vas estar mal aló, pero ti es unha persoa moi independente e de seguro que estarás moi ben en D con tanta natureza e todos os teus libros, os teus discos e tanto tempo para matinar nas túas

cousas –dixo Sofía, tentando de darlle ánimos e amosando aquilo ao que se tería que aferrar nesta travesía para el descoñecida que agora escomezaba.

—¿Logo ti non vas vir? –preguntou N con certo ton de desengano e impotencia.

—Xa che digo que se cres que non vas poder ir só, eu vou contigo, non quero que esteas mal; pero se pensas que vas estar ben, eu podo aproveitar agora para coller o traballo que me ofrece Lucía, que xa sabes que me viría moi ben para facer *curriculum* e non ter que depender tanto de ti, que iso non me gusta nada e levo toda a vida esperando unha oportunidade de me poder realizar un pouco como persoa, cun traballo e todo iso... Non creas que eu non o vou pasar mal, seguramente peor ca ti, que es moito máis forte ca min; pero sei que imos estar aí e que nos veremos moito.

—¿“Realizar”?... ¿“Realizar”?... Realizaraste como traballadora, porque eu creo que aquí tes cousas moito máis importantes para te ‘realizar’ que un traballo, ¿non tes amor, non tes amizades, benestar, cultura... que máis queres? –replicoulle N, visiblemente alterado e decepcionado.

—Si, pero iso é todo un pouco teu; eu cheguei aquí e instaleime no teu piso, baixo a túa sombra. Ti tes o teu traballo fantástico...

—¡Muller!, tanto como “fantástico”... mira a putada que me acaba de facer o meu ‘marabilloso’ traballo –cortoulle N, algo anoxado coa énfase que estaba ela a pór nos aspectos materiais da súa vida.

—¡Pois quen mo dera!, ¿sabes? E tamén tes aquí á túa familia, aos teus amigos... fíxate, case todo o que temos neste piso incluso é teu. Se mañá o deixasemos que me quedaría a min: nada, volver á casa dos meus pais como hai oito anos, desfacer todo o camiño percorrido en certo modo en falso. Mira N, eu

quérote moito, pero de verdade que necesito ter un traballo e saber se podó facer unha vida propia; ti es a persoa á que máis quero no mundo e non podería vivir sen ti, pero gustaríame tentalo por min mesma tamén, o cal non significa que non sigamos xuntos, porque semella que para ti vivir separados sexa a nosa ruptura, e non o é para nada, aínda que nos custe traballo aos dous. Xa che digo que se queres vou contigo, pero naquela vila non creo que vaia atopar nada tan bo nin tan ben pagado coma isto.

—Pois a verdade non o creo; alí como non te metas a peixeira non sei que vas facer... preparar as oposicións se acaso, tampouco sería esa unha mala idea; estuda un aníño e se tes sorte despois tamén terías ti un “fantástico” traballo, e ata poderíamos concursar a un destino xuntos —dixo colléndolle as mans como nun rogo.

—Non, iso si que non, non quero ser unha carga para ti; se queres, traballo mesmo de camareira, pero que teñas que traballar ti polos dous non o quero, sentiríame fatal.

—Ben sabes que me dá igual, pero se ti o queres así, en fin, eu non che vou obrigar a vires a ningures; isto xa o temos discutido moitas veces... e, ademais, que diantre, son só unhas horas en coche, podemos vernos as fins de semana, nas vacacións, e dous anos pasan moi rápido —contestou N, tentando pór paz naquel asunto co que se reatopaban a cada pouco, e que agora reaparecía máis ameazante que nunca.

—Tes razón, pero mira, deixa o tema porque hoxe estás un pouco alterado con todo isto e eu tampouco sei exactamente se me van manter a oferta nin as condicións, aínda temos uns meses para o pensar e para decidir, o mesmo aínda me vas ter que aguantar dous anos alí enriba de ti. Veña, imos ver que é o que arrecende tan ben aí dentro...

Entre ecos dos seus pensamentos silenciados e das súas batallas cíclicas, pasaron á cociña mergullados nuns ánimos cam-

biantes como o mar; co maxín de N cuberto xa non de nubarras como había uns minutos, senón de treboadas que descargaban raios directamente ao corazón da súa alma, a cada paso máis punzantes, a cada intre máis dolorosos...